



- 66 Quérese poñer tellas nun tellado como o da figura adxunta. Se cada tella cobre aproximadamente 5 dm^2 , cantas tellas farán falta para cubrir o tellado?



- 67 A Xandre recetoulle o médico que tome 10 cm^3 de xarope para a tose tres veces ao día. Se o frasco contén 240 ml, cantos días pode tomar xarope?

- 68 Unha viga de formigón ten forma de ortoedro de dimensións $200 \text{ cm} \times 30 \text{ cm} \times 20 \text{ cm}$. Se a densidade do formigón é $2,4 \text{ kg/dm}^3$, canto pesará a viga?



- 1 Escribe os múltiplos e submúltiplos do metro cúbico. Pon un exemplo de como se pasa de hectómetro cúbico a metro cúbico.

- 2 Completa:

- a) $17 \text{ hm}^3 = \dots \text{ litros}$ b) $250 \text{ cl} = \dots \text{ dm}^3$
c) $2000 \text{ cm}^3 = \dots \text{ litros}$ d) $5 \text{ ml} = \dots \text{ cm}^3$

- 6 Cantas garrafas de 5 litros se encherán coa auga do depósito da figura?

- 7 Introdúcese unha esfera nun recipiente completamente cheo de auga e derrámanse $36\pi \text{ dm}^3$ de auga. Calcula o radio da esfera.

- 8 Quérese construír un farol de papel con forma de tronco de pirámide e coas caras laterais de cristal. Se a aresta da base maior mide 24 cm, a aresta da base menor mide 8 cm, e a altura mide 15 cm, canto custará o cristal das caras laterais se se cobra a 24 € o metro cadrado?

- 5 Atopa a área e o volume dun tronco de cono no cal o radio da base maior mide 5 m, o radio da base menor, 2 m, e a altura, 4 m. Aproxima o resultado a dous decimais.

